RIBADEO

DESDE O BNG DE RIBADEO QUEREMOS RECOÑECER E AGRADECER O INMENSO TRABALLO FEITO NO CONCELLO POR MARI LUZ ÁLVAREZ LASTRA E DESEXARLLE O MELLOR NESTA SÚA NOVA ETAPA VITAL.

As mulleres e homes que conformamos o BNG de Ribadeo agradecemos publicamente o traballo político, social e cultural que a nosa compañeira e amiga, Mari Luz Álvarez Lastra, desenvolveu ao longo de moitísimos anos na vila de Ribadeo e nas súas parroquias. Desde ben nova foi manifestando as súas inquedanzas como muller e como galega defendendo sempre a quen máis o necesitaba fronte ás inxustizas do poder político ou económico.

Ben fora na oposición (mandato 99-03), ben dentro do goberno municipal (desde o 2003 até hoxe), Mari Luz Álvarez Lastra sempre deu todo de si en cada responsabilidade que asumía. En cada área de goberno que pasou a dirixir foi quen de xerar equipos de traballo eficaces e ben formados. Así, a cultura e a atención á mocidade cobraron un novo pulo desde que ela traballou esas áreas no concello de Ribadeo; a actividade cultural desenvolvida no noso concello ao longo de décadas recuperou con ela o fulgor doutros tempos volvendo así Ribadeo a ser referente comarcal. Que dicir da Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo! Cantas xeracións teñen pasado por dita institución educativa emblemática en toda a Mariña e na comarca eonaviega! Cantos pais e nais temos asistido aos seus concertos (por sección musical, de Nadal e de Fin de Curso), ou mesmo nos temos matriculado para retomar a nosa afección pola música! Asemade, en políticas de igualdade tamén deixou unha pegada inmensa o labor realizado por Mari Luz Álvarez Lastra. Falar de propostas de igualdade anovadoras e falar do Concello de Ribadeo, foron un binomio indisociábel na Galiza e no movemento feminista galego.

As circunstancias vitais mudan co paso dos anos; mesmo o esforzo inxente feito pola nosa compañeira e amiga pódennos axudar a comprender a decisión de adoptar unha posición máis discreta na vida pública ribadense. Pero estamos convencidos e convencidas, no BNG de Ribadeo, de que Mari Luz nunca vai deixar de ter esa preocupación pola cousa pública que todo bo cidadán, que toda boa cidadá, debe ter. Porque Mari Luz leva no seu sangue a vocación política no máis nobre sentido da palabra: o do esforzo colectivo, o traballo pola comunidade e o desexo de que Galiza, como nación de seu, sexa unha sociedade cada vez máis xusta e na que a igualdade entre homes e mulleres sexa plenamente efectiva. Sorte infinda, Mari Luz, na túa xeira profesional e, sobre todo, vital.